

TEMA 6 – A poboación

Índice

1. A demografía → páxina 1.

2. A densidade de poboación → páxina 2.

 Factores que inflúen na distribución da poboación → páxina 3.

3. Os movementos naturais → páxina 4.

4. Os réximes demográficos → páxina 5.

5. Estrutura da poboación → páxina 6.

6. Os movementos migratorios → páxina 7.

1. A demografía

A **demografía** é a ciencia que estuda a poboación:

- 1) **Recolle datos estatísticos**
- 2) **Elabora gráficas, mapas e táboas**, tomando como base os datos recollidos.
- 3) **Analiza e interpreta os datos**, explicando as características das poboacións humanas, así como os elementos e factores que inflúen nelas, incluso facendo previsións e proxeccións de futuro.

2


Utilizando as **fontes demográficas**, podemos conseguir os datos necesarios para o estudo da poboación. Son as seguintes:

- **Censos.** Un censo é o recento da poboación que se realiza de xeito periódico, recollendo datos demográficos, económicos e sociais. En España faise cada 10 anos.
- **Padrón municipal.** É o rexistro de habitantes dun mesmo concello.
- **Rexistro civil.** Trátase do organismo oficial no cal se inscriben os nacementos, defuncións e matrimonios.

Existen **organismos oficiais** especializados en realizar **estadísticas demográficas**, como:

- ❖ O **INE (Instituto Nacional de Estadística)**. Recolle datos a nivel de toda España. [<https://www.ine.es/>]
- ❖ O **IGE (Instituto Galego de Estadística)**. Recolle os datos demográficos de Galicia. [<https://www.ige.eu>]

2. A densidade de poboación



A densidade de poboación é a relación que existe entre o **número de habitantes dun lugar e o espazo que ocupan**. Exprésase en **habitantes por quilómetro cadrado (hab/km2)**.

$$\text{Densidade} = \text{n}^\circ \text{ de habitantes} / \text{superficie (km}^2\text{)}$$

Para poder **comparar a poboación de dous ou máis países entre si**, non basta co número total de habitantes. Precisamos comprobar a relación e proporción entre o total de habitantes que viven nun lugar e o espazo que este ocupa.

Por exemplo: comparamos a poboación de Galicia e Canadá. Canadá é 338 veces máis grande que Galicia, e multiplica por trece a poboación galega. Pero Galicia é un territorio 25 veces máis poboado que Canadá. Isto quere dicir que no país norteamericano hai enormes espazos sen poboación.

Estas diferenzas en canto á densidade dos diferentes territorios teñen que ver cos factores que analizaremos a continuación.

Factores que inflúen na distribución da poboación:

○ Físicos

- **Clima:** hai unha maior poboación nos climas temperados (oceánico, mediterráneo...) que nos extremos (polar, desértico...).
- **Zonas costeiras:** gozan dun mellor clima e maior actividade económica.
- **Altitude:** maior poboación entre 0 e 500 m.
- **Recursos naturais:** como o acceso a auga potable, a fertilidade dos solos, o carbón, o petróleo, os minerais... Todos estes factores favorecen a concentración da poboación.

○ Humanos

- **Actividade económica:** a poboación adoita concentrarse en lugares favorables para a agricultura e a gandería (poboamento rural), ou industria e comercio, xunto coa existencia de transporte e as boas comunicacións.
- **Aspectos sociais e históricos:** como as migracións, a cultura, a relixión, a educación, ou a riqueza.



3. Os movementos naturais

Os **movementos naturais** de poboación son a natalidade e a mortalidade.

1) **Natalidade**: é o número de persoas nadas nun lugar nun período dun ano.

- a. **Taxa de natalidade (TN)** → É o número de persoas nadas nun lugar no período dun ano, por cada 1.000 habitantes. Exprésase en *tantos por mil* (%).
- b. **Taxa de fecundidade (TF)** → É o número de nados nun lugar nun ano por cada muller en idade fértil (15-49 anos). Para que unha poboación se renove (e non diminúa), é necesaria unha taxa de fecundidade de 2,1 fillos por muller.


2) **Mortalidade**: é o número de persoas falecidas nun lugar ó longo dun ano.

- a. **Taxa de mortalidade (TM)** → É o número de falecidos nun lugar no período dun ano, por cada 1.000 habitantes. Exprésase en *tantos por mil* (%).
- b. **Taxa de mortalidade infantil** → É o número de falecidos menores dun ano nun lugar, nun período dun ano, por cada 1.000 habitantes. Por exemplo, en Galicia é inferior ó 3%.
- c. **Esperanza de vida** → É o número de anos que se calcula que pode vivir alguén no momento do seu nacemento. Depende en gran medida da calidade de vida que se ten no lugar no cal se vive (alimentación, hixiene, sanidade...).

Crecemento Natural (CN) ou Vexetativo (CV)

Se calculamos a diferenza que hai, nun lugar e un ano determinado, entre a TN e a TM, isto dá como resultado o **Crecemento Natural (CN) ou Vexetativo (CV)**.

Fórmulas



Taxa de Natalidade		
Nº de nacementos nun ano		
$TN (\%) =$	$\frac{\text{Nº de nacementos nun ano}}{\text{Poboación total}}$	$\times 1.000$
Taxa de Mortalidade		
Nº de falecidos nun ano		
$TM (\%) =$	$\frac{\text{Nº de falecidos nun ano}}{\text{Poboación total}}$	$\times 1.000$
Crecemento Natural ou Vexetativo		
$CN = TN - TM$		
Crecemento Real		
$CR = (TN - TM) + (\text{Inmigrantes} - \text{Emigrantes})$		

4. Os réximes demográficos

Chamamos **réxime, ciclo** ou **modelo demográfico** á forma na que se comporta unha poboación en canto á natalidade, a mortalidade e o crecemento natural. Podemos diferenciar **tres tipos**:

1. Réxime demográfico antigo (ata 1750)

Ata o **s. XVIII** todos os países do mundo tiñan unha **natalidade** e **mortalidade** moi elevadas. Isto significaba que o seu crecemento era baixo. Eran recorrentes as crises debido a factores como as malas colleitas, fames e epidemias (por exemplo, a peste).


2. Réxime demográfico de transición

Nesta etapa prodúcese un **forte crecemento demográfico**. Distinguimos dúas fases:

- **Fase 1** (no s. XIX): a **mortalidade baixa** mentres a natalidade aínda é alta. O crecemento é rápido e elevado.
- **Fase 2** (no s. XX): baixan a **mortalidade** e tamén a **natalidade**. O crecemento faise máis lento.

3. Réxime demográfico moderno

Tanto a natalidade como a mortalidade son moi baixas. O crecemento é moi lento, e mesmo pode ser negativo.



5. Estrutura da poboación

A **estrutura da poboación** é a composición da poboación tendo en conta distintos aspectos: idade, sexo, actividade económica.

Distinguimos **tres grupos de idade**:



- **Mozos** (< 15 anos)
- **Adultos** (entre 15 e 65 anos)
- **Anciáns** (> 65 anos)

Consideramos que un país é mozo cando máis do 35% da súa poboación é menor de 15 anos. Soen ser países subdesenvolvidos. En cambio, consideramos que un país está envellecido cando máis do 12% da súa poboación ten máis de 65 anos. Soe acontecer nos países ricos.

As pirámides de poboación:

Son **gráficas** nas cales se representan as características da poboación dun lugar nun momento concreto, en canto a idade e sexo. Podemos distinguir tres tipos: **xove, adulta e envellecida**.

Pirámide de poboación de Galicia (2015). ICE



6. Os movementos migratorios

Os **movementos migratorios** son movementos ou desprazamentos da poboación dun lugar a outro.

Tipos

- a) **Emigración:** é a saída de poboación dun lugar.
- b) **Inmigración:** é a entrada de poboación nun lugar.

Causas

As causas dos movementos migratorios son variadas. Poden ser:

- ♣ **Económicas:** a busca de traballo ou simplemente cubrir as necesidades básicas (de alimento, vivenda, vestido...).
- ♣ **Sociais e políticas:** impulsadas por guerras, motivos relixiosos, políticos, étnicos...
- ♣ **Naturais:** terremotos, inundacións, períodos de seca, ou mesmo o cambio climático. No 2014 foron case 20 millóns as persoas desprazadas debido a estas causas.

Saldo migratorio

É a **diferenza** entre os emigrantes e os inmigrantes dun lugar determinado. Se os emigrantes son máis que os inmigrantes, o saldo migratorio é **negativo**, porque a poboación diminúe. No caso contrario, cando a **inmigración** é superior á **emigración**, o saldo migratorio é **positivo**, porque a poboación aumenta.

Crecedemento Real

Chamámoslle **Crecedemento Real** ó resultado, nun lugar e un ano determinados, de **sumar o Crecedemento Natural** e o **Saldo Migratorio**. Pode ser positivo (o cal quere dicir que a poboación aumenta) ou negativo (cando a poboación diminúe).